


## RECURSOS AUXILIARES

- Osciloscopio e xerador de funcións
- Plataforma Moodle
- Pizarra Interactiva Dixital

## OSCILOSCOPIO E XERADOR DE FUNCIÓNS


Antes da experiencia os alumnos realizaron unha práctica con estes aparellos para estudar os parámetros fundamentais nunha onda e a representación da corrente alterna.



## PLATAFORMA MOODLE


Ao comezar a experiencia creouse un curso na plataforma MOODLE, aula virtual do IES, denominado Electrotecnia.

<http://centros.edu.xunta.es/iesdesabon/moodle/>



Desde aquí os alumnos descargaron:

- unha guía de traballo, onde se recollen unhas orientacións para a realización da práctica, así como unhas normas de comportamento
- o caderno de traballo que unha vez realizado se pode entregar a través da plataforma
- a Unidade de Traballo.




**PIZARRA INTERACTIVA DIXITAL**

Na que se proxectaron as actividades cando había que resolver algún problema para toda a clase e se fixeron as modificacións necesarias, cando apareceu algún erro na Unidade de Traballo.

*Realiza o seguinte exercicio numérico:*

1. Conéctanse en serie, a unha tensión de 10 voltios e 60Hz, as seguintes bobinas:
  - a.  $R=20\Omega$ ,  $L=0,8H$
  - b.  $R=28\Omega$ ,  $L=0,6H$
 Calcular a potencia total do conxunto.



Premer no menú Foucalt a opción SI ¿Que ocorre agora coa intensidade no secundario? ¿Que significa o novo termo Q?

*Realiza os seguintes exercicios numéricos:*

1. Un transformador monofásico ideal de relación de transformación igual a 4, alimenta unha carga puramente resistiva de 100W. Sabando que a intensidade primaria é de 1A, determinar a tensión na carga. (PAAU, Galicia, xuño 2002)
2. Os enrolamentos primario e secundario dun transformador monofásico ideal posúen 200 e 25 espiras respectivamente. A súa potencia nominal é de 500kVA. Se ao primario se lle aplica unha tensión de 100v, calcular:
  - a. Tensión que se obtén no secundario
  - b. Intensidades nominais que circulan polo primario e o secundario

Handwritten notes in the notebook:

- $P = E \cdot I \cdot \cos \phi$
- Labels:  $\cos \phi_i$  and  $\cos \phi_o$
- Text: "Antes  $\cos \phi_i$ " and "Despois  $\cos \phi_o$ "
- Diagram: A power triangle with hypotenuse  $S$ , base  $P$ , and height  $Q$ . The angle between  $S$  and  $P$  is  $\phi$ .